

Nota editorial sobre a vacina do VPH

Edición de Cadernos de Atención Primaria

Cad Aten Primaria
Año 2008
Volumen 15
Pág. 4-4

CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA quere presentar aos profesionais de atención primaria de Galicia unha serie de opinións sobre a indicación da vacina do Virus do Papiloma Humano (VPH) e a súa inclusión no calendario de vacinación. **O obxectivo é ofrecer a revista como fonte e canle dun debate profesional e científico serio.**

No número anterior, o volume 14 número 4, reproducíuse na sección de Espazo para o Debate un traballo interesante e documentado de Juan Gérvas sobre a inclusión desta medida preventiva no calendario de vacinación. Tamén no número anterior Pablo Vaamonde opinou sobre esta medida na sección de Humanidades.

Neste número preséntase un excepcional traballo de revisión bibliográfica comentada na sección de Biblioscopia, realizado por Santiago Pérez, e unha variedade de opinións, para completar o abano informativo, na sección de Colaboración:

- A opinión da administración na persoa de Xosé Antonio Taboada, do Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles da Dirección Xeral de Saúde Pública.
- Carlos Máiz, pediatra, presenta un documento sobre o virus e outro sobre a vacina, no que recolle a opinión favorable á vacinación da Sociedade Española de Pediatría.
- José Luis Doval, xinecólogo, tamén favorable á indicación da vacina.
- E finalmente, a opinión de AGAMFEC-semFYC, na voz de Abel Coutado e Ana Zamora, pedindo prudencia na súa recomendación.

CADERNOS reproduce os textos remitidos polos autores, aínda que en algún caso sone repetitivo, e espera que este material sexa un instrumento útil para a toma de decisións na consulta médica.

Queremos, finalmente, pedir a colaboración e animar aos lectores a utilizar a sección de Cartas ao Director para opinar sobre toda esta documentación.